



Grupos –cc– e –ct–

a, e, o + cc / ct

Despois de «a», «e» e «o», mantense o grupo consonántico completo: *acción, abstracto, sección, adxectivo, obxecto, respecto, occidental, noctámbulo...*

Excepción:

algunhas palabras mudaron o primeiro «c» por «i» ou «u»: *doutor, doutoramento, oitavo, reitor, reitorado, reitoral, reitoría, seita...*

i, u + cc / ct

Despois de «i» e «u», na maioría dos casos, suprímese a primeira consoante do grupo: *aflicción, ditado, vitoria, deducción, introducción, produto...*

Excepción:

mantense o grupo consonántico con algunhas palabras técnicas e cultas pouco frecuentes: *edicto, ictericia, succión...*

i, u + c / t

abducción	deducción	inducción	reconstrucción
abdutor	dedutivo	indutor	reducción
acueduto	delito	instrucción	reduto
adución	delituoso	instrutivo	redutor
adutor	destrucción	instrutor	reproducción
aflicción	destructor	interdito	reprodutor
aflito	dicionario	introducción	restricción
beneditino	distrito	introdutor	restritivo
conducción	ditado	introdutorio	salvoconduto
conduta	ditadura	lutuoso	sedutor
conduto	ditame	obstrucción	traducción
condutor	ditar	obstrucionismo	tradutor
conflicto	estrito	obstrucionista	usufruto
constricción	estructura	obstrutivo	usufrutuário
constritivo	flutuación	oleoduto	viaduto
construcción	flutuante	predicción	vítima
construtivo	flutuar	producción	Vítor
construtor	frutífero	productivo	vitoria
contradición	frutificar	productividade	vitorioso
contraditorio	frutuoso	produto	xurisdicción
contricción	gasoduto	produtor	

i, u + cc / ct

adicción	invicto
adicto	lictor
convicción	micción
convicto	pictografía
deíctico	pictográfico
dicción	pictograma
dúctil	pictórico
ductilidade	ricto
edicto	succión
eructar	succionar
eructo	veredicto
ficción	vindicta
ficticio	
fricción	
friccionar	
ictericia	
ictérico	
ictiografía	
ictioloxía	
ictiomancia	
indicción	



Actividades


1. Completa as seguintes palabras segundo conveña. Se o precisas, repasa as listaxes da páxina anterior.

adxe.....ivo	exa.....o
condu.....or	di.....ado
obxe.....o	pi.....órico
o.....idental	ví.....ima
produ.....o	do.....or
a.....ión	tradu.....ión
fi.....ión	o.....avo

— Clasifica as palabras anteriores nesta táboa.

Despois de «a», «e», «o», -cc- e -ct-	Despois de «i», «u», -c- e -t-
.....	
.....	
Excepcións:	Excepcións:

2. Resolve o encrucillado. Algunhas das palabras que o compoñen perderon o primeiro c no grupo -cc- e o c no grupo -ct- e outras consérvano.



- | | |
|---|---|
| <p>▶ Decisión dun xuíz ou dun tribunal sobre un caso concreto.</p> <p>▶ Que nunca foi vencido.</p> <p>▶ Acción contraria á lei.</p> <p>▶ Persoa que se dedica a expresar nun idioma determinado algo dito ou escrito noutra lingua.</p> | <p>▶ Imaxinario, non-real.</p> <p>▶ Libro que contén palabras dunha lingua nunha determinada orde e acompañadas da súa definición.</p> <p>▶ Limar, prólogo.</p> <p>▶ Resultado a favor obtido nunha loita ou competición.</p> |
|---|---|



3. Asocia e ordena as sílabas de cada cor ata formar seis palabras distintas. Clasifícaaas despois segundo manteñan ou non os grupos *-cc-* ou *-ct-*.

a	tor	du	du	suc	ción	pro	con	
des	vic	cio	so	du	tar	tor	ruc	to
ción	tuo	e	cue	re	tru	con	lu	nar

Grupos *-cc-* e *-ct-*

Palabras con *-cc-* ou *-ct-*:

Palabras con *-c-* ou *-t-*:

— Crea agora unha oración para cada unha das palabras anteriores.

-
-
-
-
-
-
-
-

4. Completa coherentemente as seguintes oracións con palabras derivadas de *ditar*, *estrutura* e *produto*.

- Se non hai vontade real de chegar a un acordo, este diálogo resultará
- A profesora hoxe fixo un para que mellorem os a ortografía.
- O escritor explicou que decidiu a súa novela en dez capítulos.
- A violencia é un problema da sociedade: afecta a todas as idades e clases sociais.
- Ese actor de Hollywood será e director do seu próximo filme.
- Estou a ler un libro sobre a represión durante a franquista.

— Clasifica as palabras que escribiches neste cadro e engade outras da mesma familia léxica.

Familia léxica de «ditar»	Familia léxica de «estrutura»	Familia léxica de «produto»
.....		
.....		
.....		
.....		



Actividades

5. Rodea cun círculo a palabra correcta de cada par. Despois completa as oracións coas palabras correctas adecuadas.

gasoduto - gasoducto

seita - secta

drogadito - drogadicto

dición - dicción

reitor - rector

beneditino - benedictino

redución - reducción

frición - fricción

- As autoridades pesqueiras acordaron unha das capturas de sardiña.
 - O mosteiro de San Salvador de Lourenzá foi fundado no ano 969.
 - A miña empresa está a construír en Lugo un de seis quilómetros.
 - Moitos pobos prehistóricos conseguían lume mediante a de dous paus secos.
 - Non é que eu teña problemas de; é que estou a falar cun caramelo na boca.
 - O da universidade pronunciou un emotivo discurso na súa despedida.
 - Esa ONG dedícase a ofrecer axuda e asesoramento a e aos seus familiares.
 - Ese home foi acusado de dirixir unha moi perigosa.
6. Escribe estas oracións corrixindo os erros que afectan aos grupos -cc- e -ct-. O número entre parénteses indica os erros por oración.
- Díxenlle ao xuíz, con respecto, que dubidaba da obxeitidade do seu veredicto. (2)
.....
 - O produto que me receitou o doctor para deixar de erutar é boísimo. (2)
.....
 - O acueducto romano de Segovia é unha das construcións máis espetaculares que coñezo. (3)
.....
 - Esta é a octava victoria consecutiva do noso equipo: somos o único equipo invicto. (2)
.....
 - As vítimas do accidente entre os tratores ofrecen versións contradictorias. (3)
.....
 - O reitor da universidade anunciou a construción dunha nova facultade de Traducción. (2)
.....
 - A profesora dictounos un texto sobre un planeta ficticio e eu escribín mal dous adxetivos. (2)
.....